

# **ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS - BETANZOS**

<http://www.marinabetanzos.org> ; [info@marinabetanzos.org](mailto:info@marinabetanzos.org);

Tlfn. 981 669 541

## **ACTA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA DO 5 DE SETEMBRO DE 2016**

Acta da Xunta Directiva Ordinaria da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, do luns 5 de setembro de 2016, iniciada ás 19.00 horas en primeira Convocatoria, na Sala de Xuntas da Casa do Concello de Abegondo (R/San Marcos, s/n) e coa seguinte Orde do día:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
Acta xunta directiva do 13/06/2016
2. DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES E FINANCIAMENTO
  - 2.1. REDE EUSUMO
  - 2.2. INICIATIVA XOVE
  - 2.3. PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL
  - 2.4. GRUPOS OPERATIVOS DA INNOVACIÓN
  - 2.5. AXUDAS CONVOCATORIA DA DEPUTACIÓN A CORUÑA PARA A POSTA EN MARCHA DO CLUB DE PRODUCTO TURÍSTICO R.B. E SEMINARIO III ANIVERSARIO.
3. CANDIDATURA LEADER 2014-2020 E POSTA EN MARCHA.
4. CONVOCATORIAS ABERTAS PARA NOVOS PROGRAMAS:
  - 4.1. LANZADEIRAS DE EMPREGO
  - 4.2. POSIBLE CONVENIO DEPUTACIÓN A CORUÑA: FOMENTO DO EMPRENDEMENTO; LANZAMENTO DA MARCA DE CALIDADE; ESTRUCTURACIÓN DESTINO TURÍSTICO R.B.
5. SEMINARIOS E XORNADAS PREVISTAS
6. PREGUNTAS E INTERVENCIÓNS.

A REUNIÓN TENSE DESENVOLVIDO CO RESULTADO SEGUINTE:

### **ASISTENTES:**

- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, ANPAS* (Asociación Vedoreira).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.

- D. José Domiro Garrote Martín, en representación da *Mesa sectorial da pesca, marisqueo, acuicultura e desenvolvemento do litoral* (G.A.L.P. Golfo Ártabro Sur)
- Dna. Catalina Rodríguez Rodríguez, en representación da *Mesa de Asociacións e colectivos de Mulleres*. (Amfar – Cambre).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- D. Andrés Rodríguez Pereira, en representación da *Mesa sectorial de asociacións e colectivos medioambientais e mozos* (Grupo Naturalista Hábitat).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONGD* (ASPANAES).
- D. Eulogio López Rí, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONGD* (ASPACE).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira* (Asociación sectorial de viticultores e adegueiros de Betanzos e comarca).
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. Javier Caínzos Vázquez, Alcalde do Concello de Curtis, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa do Concello de Bergondo en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Carmen Borobio Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental Galicia –CEIDA-).
- D. Xosé Lois Suárez Becerra, Concelleiro de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente do Concello de Sada, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Juan Carlos Iglesias, Concelleiro do Concello de Culleredo.
- Dna. Leonor Fernández Grande, Concelleira de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Manuel Giménez Solla. Asistencia Técnica Programa Leader 2014-2020
- D. Miguel Fernández Pardo. Asociación Mariñas Betanzos
- Dna. Concepción Bonome González. Asociación Mariñas Betanzos

## **1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Xúntase como Anexo a Acta da reunión de Xunta directiva do 13/06/2016, que queda aprobada por unanimidade dos asistentes.

## **2. DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES E FINANCIAMENTO**

### **2.1. REDE EUSUMO**

Enmarcado na Estratexia de Desenvolvemento para o territorio conformado pola Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, e ligado ás necesidades identificadas, se ten formulado un proxecto para a realización de actividades encamiñadas a promover o emprendemento e a formulación de iniciativas de carácter asociativo, cooperativista e de traballo en rede, que leva por título “Oportunidades para o emprendemento agroalimentario: cooperativismo e economía social na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

Esta proposta pivota no desenvolvemento de accións formativas, en visitas formativas e de animación, co obxectivo de avaliar a posibilidade de crear unha cooperativa para os produtores de horta en ecolóxico. A proposta ten sido aprobada dentro da liña de axudas da Rede Eusumo, cunha axuda de 3.660 euros, cunha aportación de 915 euros por parte de Mariñas-Betanzos. Xúntase como Anexo o programa das actividades a desenvolver.

### **2.2. INICIATIVA XOVE**

A través do “Programa Biosfera Xove 2016” preténdese que os voluntarios e a mocidade dos 17 concellos que conforman este territorio deseñen, lideren e desenvolvan unha serie de actividades que lles permitirá complementar a súa formación mediante a participación en experiencias de educación non formal en distintos campos, no contexto do territorio declarado no ano 2013 pola UNESCO como Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

A “Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos” conta con voluntarios, xóvenes menores de 30 anos, encargados de elaborar a proposta deste Plan denominado “Programa Biosfera Xove 2016”. Estas persoas serían os encargados de desenvolver este proxecto no territorio, co obxectivo de establecer un conxunto de prioridades neste contexto.

Desenvolveríanse as seguintes actividades, para o que se conta cun orzamento máximo de 5.000 euros:

- Escola de Naturalistas 2016 da Reserva de Biosfera;

- Seminario sobre a “Especie do Ano 2016” da Reserva de Biosfera;
- Xornadas de Formación e sobre a Custodia do Territorio como fórmula para compatibilizar a conservación ambiental e o desenvolvemento socioeconómico.
- Maratón Ornitolóxica da Reserva de Biosfera.
- Obradoiros para o fomento da implicación da xuventude no coñecemento das producións agrarias do territorio, e a súa comercialización nos mercados locais, con motivo do III Aniversario da Reserva de Biosfera.
- Colaboración na Mostra de Produtos das Mariñas 2016, que se celebrará en Betanzos.

### 2.3. PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL

Con data 20 de xullo de 2016 a Secretaría Xeral de Emprego ten otorgado unha axuda á Asociación Mariñas-Betanzos para a contratación durante 7 meses de 2 persoas mozas desempregadas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (menores de 30 anos), para o “Apoio á organización dos produtores agroalimentarios da Reserva de Biosfera”. Os perfiles concedidos son: Enxeñería Técnica e FP-xefe administrativo informática.

Según as bases, pocederá a facerse a oferta publica de emprego a través do Servizo Galego de Colocación, para a súa incorporación durante o mes de setembro. A axuda cubriría o total dos custes da contratación. Autorízase ao Presidente para desenvolver o proceso de contratación.

Para poder financiar o circulante desde a contratación das persoas ata que se cobre a axuda ao 100%, autorízase ao Presidente da entidade a asinar unha liña de crédito cunha entidade financeira (Caixabank), por importe de 34.468 euros, así como ordear os pagos correspondentes.

### 2.4. GRUPOS OPERATIVOS DA INNOVACIÓN

Dentro dos PDRs 2014-2020 das distintas rexións europeas, se ten incorporado unha medida que se chama Agrupacións Europeas da Innovación, e se canalizaría a través de proxectos promovidos por varias entidades que recibirían o nome de Grupo Operativo, e que tería como obxectivo resolver problemas do eido agrario ou forestal, ou ben aproveitar oportunidades ou recursos ociosos, sempre baixo o prisma da sostenibilidade e a economía baixa en Carbono.

Mariñas-Betanzos ten recibido unha axuda para a formulación dos proxectos para dous Grupos Operativos: *“Deseño de ferramentas para a mellora na xestión de xurros das explotacións porcinas”*; *“Mellora na transferencia de resultados en I+D+I no sector lácteo”*, por importe de 6.000 euros. Se teñen elaborado as propostas que se recollen no Anexo.

## 2.5. AXUDAS CONVOCATORIA DA DEPUTACIÓN A CORUÑA PARA A POSTA EN MARCHA DO CLUBE DE PRODUCTO TURÍSTICO R.B. E SEMINARIO III ANIVERSARIO.

Dentro da liña de axudas a entidades sen ánimo de lucro que ten convocado a Deputación de A Coruña para esta anualidade 2016, presentouse o proxecto de “Posta en marcha do Clube de Producto Turístico Reserva de Biosfera”, que incluída ademáis a realización do Congreso de Reservas de Biosfera celebrado no CEIDA en maio, outras actividades de celebración do III Aniversario da declaración como Reserva de Biosfera do territorio.

O Club de Producto Turístico Reservas de Biosfera, é unha iniciativa da Secretaría de Estado de Turismo, pertencente ao Ministerio de Industria, Energía e Turismo, que pretende aproveitar as vantaxes que pode proporcionar o significado do recoñecemento do territorio como Reserva da Biosfera de cara á promoción e comercialización da comarca, os produtos locais e desta figura recoñecida internacionalmente pola UNESCO.

Para a realización de todas as actividades propostas solicitouse unha axuda de 28.277,92 euros, sobre un orzamento total de 43.841,74 €. Finalmente o importe concedido ten sido de 6.743,69 €, o que obrigará a cumprir cos compromisos financeiros asumidos na celebración do Congreso e do III Aniversario, e reprogramas as outras actividades que se propoñían.

### 3. CANDIDATURA LEADER 2014-2020 E POSTA EN MARCHA.

Tense entregado na data fixada a Candidatura Leader 2014-2020 e ata o momento desde Agader unicamente teñen solicitado información complementaria ao respecto da Parte I (Funcionamento da asociación) e sobre os asociados. A información que se ten é que tratarán de resolver a finais de setembro ou principios de outubro para asinar os convenios. Coa idea de ir acelerando a posta en marcha do programa, apróbase lanzar a convocatoria da praza de Xerencia da Medida Leader. Elaborarase proposta de Bases que serán enviados a todos os membros.

### 4. CONVOCATORIAS ABERTAS PARA NOVOS PROGRAMAS:

#### 4.1. LANZADEIRAS DE EMPREGO

Desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria se ten aberto o prazo para presentar proxectos baixo o nome de Lanzadeiras de Emprego, coa intención de facilitar formación e itinerarios de inserción personalizada a persoas demandantes de emprego.

A este respecto, continuando a liña dos Programas Intregados de Emprego, tense elaborado unha proposta de proxecto piloto, de capacitación en actividades onde tse teñen detectado

oportunidades de emprego no rural. Xúntase como Anexo un resumo da proposta presentada.

Por outra banda, utorízase ao presidente a asinar unha liña de crédito por importe de 78.000 euros coa entidade Caixabank, para poder financiar os costes do Programa Integrado de Emprego 2016 e que vai finalizar neste mes.

#### 4.2. POSIBLE CONVENIO DEPUTACIÓN A CORUÑA: FOMENTO DO EMPRENDEMENTO; LANZAMENTO DA MARCA DE CALIDADE; ESTRUCTURACIÓN DESTINO TURÍSTICO R.B.

Dentro do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera o fomento das oportunidades de emprego é un dos pilares principais, tendo identificado nichos de emprendemento “verde” e o autoemprego. Coa intención de consolidar as iniciativas de emprendemento postas en marcha desde os últimos 2 anos na Reserva de Biosfera, se ten trasladado á Deputación de A Coruña a posibilidade de asinar un Convenio de colaboración, que ademáis incluía o apoio ao lanzamento da Marca de produtos da Reserva (pendente de rexistro na Oficina Española de Patentes e Marcas).

Por outra banda, se teñen mantido reunións para tratar de aglutinar os esforzos de promoción turística e coordinación de actividades, así como potenciar o destino turístico “Reserva de Biosfera”, que ten sido ben recibido e onde ten participado a Asociación de Empresarios Refuxios do Mandeo, así como o CEIDA, que xa ten organizado un Seminario sobre os “Recursos turísticos na Reserva de Biosfera MCE™”.

### 5. SEMINARIOS E XORNADAS PREVISTAS

#### 5.1. SEMANA DA CUSTODIA DO TERRITORIO

Estamos pendentes do borrador final do Programa de actividades a desenvolver na V Semana de Custodia do territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, entre o 24 de setembro e o 2 de outubro.

#### 5.2. XORNADA ESPECIE DO ANO

Xúntase como Anexo o borrador do cartaz divulgativo da Xornada sobre a Especie do Ano na Reserva de Biosfera, a celebrar este ano no Concello de Culleredo.

#### 5.3. XORNADAS DE VOLUNTARIADO

A Fundación Biodiversidade e a Fundación Decathlon financiarán a celebración o día 25 de setembro de actividades de voluntariado en toda España. Con esta finalidade se teñen dirixido á Reserva de Biosfera, para que se lles propuxeran posibles actividades a desenvolver nese día no concello de Sobrado (o máis próximo a Decathlon-Santiago de Compostela). A proposta consiste en organizar unha saída de mañá (ao coincidir co día das

Eleccións ao Parlamento de Galicia), onde se puidese recoller lixo en áreas a definir próximas á Lagoa, así como recoller fotografías de carácter ambiental. A proposta foi aceptada, polo que se procederá a súa realización.

#### 5.4. IV MOSTRA DE VIÑOS E PRODUCTOS DAS MARIÑAS

Desenvolverase entre os días 17 e 18 de setembro en Betanzos, asistindo sobre 22 produtores da Reserva de Biosfera.

### 6. PREGUNTAS E INTERVENCIONES.

6.1. PROPOSTA ESTATUTOS FUNDACIÓN COMO POSIBLE ÓRGANO DE XESTIÓN DA RESERVA DE BIOSFERA: Estase elaborando un borrador de Estatutos para poder debater en vindeiras reunións.

Tamén estase tratando de involucrar ás grandes empresas con impacto no territorio, como Inditex ou Gadisa, seguindo a liña de traballo da Responsabilidade Social Empresarial.

Estrella Galicia está tamén interesada en que poidan potenciarse no territorio cultivos como a mazá e o lúpulo. José Francisco Castro suxire que poidan incorporar cultivos como a cebada.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 20:45 horas.

En Abegondo, a 5 de setembro de 2016

A Secretaria  
Asdo.: Dña. Catalina Rodríguez Rodríguez

Vº e prace o Presidente  
Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes